

Proposta de Traballo Fin de Máster (máx. 2 páxs.)

Profesor/a titor/a

Eduardo José Corbelle Rico

Título

Planeamento municipal e resistencia a incendios: estudo de caso en ...

Obxectivos

O obxectivo do traballo é realizar unha primeira aproximación á relación entre planeamento municipal, grao de cumprimento no relativo a uso/cuberta do solo, e efectos sobre a resistencia fronte a grandes eventos de incendios forestais. Para isto propóñense dous obxectivos concretos (a avaliar para un único concello):

- Analizar o grao de conformidade entre a zonificación prevista no plan e o uso actual.
- Analizar a clasificación, tipo de uso e posición xeográfica das áreas queimadas.

O concello no que se realice o traballo deberá cumprir dúas condicións fundamentais:

1. Contar cun instrumento de planeamento en vigor desde, cando menos, 6-12 anos antes do momento actual.
2. Ser un dos concellos máis afectados pola vaga de lumes de outubro de 2017.

Metodoloxía

Deberá facerse uso de fontes xa publicadas sobre uso e cuberta do solo, así como sobre área queimada. En caso de non atopar información sobre esta última, é posible que sexa preciso recorrer a imaxes Sentinel 2 para estimar as áreas afectadas por lumes. Non obstante, a información relativa á clasificación do planeamento municipal requirirá ser dixitalizada manualmente na súa práctica totalidade.

Medios necesarios

O traballo require un uso relativamente intensivo da utilización de sistemas de información xeográfica e ferramentas de análise estatística.

Breve bibliografía orientativa

Syphard, A. D., Bar Massada, A., Butsic, V., & Keeley, J. E. (2013). Land Use Planning and Wildfire: Development Policies Influence Future Probability of Housing Loss. PLoS ONE, 8(8), e71708; doi: 10.1371/journal.pone.0071708.

Susan D. Kocher, Van Butsic (2017). Governance of Land Use Planning to Reduce Fire Risk to Homes Mediterranean France and California. Land, 6(2), 24; doi:10.3390/land6020024